



MOSTRA DO AUDIOVISUAL E CINEMA DE MARÍN V EDICIÓN

Datas de celebración: do 18 ao 22 de agosto de 2026
Organiza e produce: Asociación Marín de Cine

ÍNDICE

1. Sobre o festival	2
2. Regras Xerais	2
4. Longametraxes.....	3
5. Curtametraxes	4
6. Series Web.....	4
7. Forma de entrega	5
8. Sobre o xurado.....	5
9. Premios	5
10. Criterios de selección	6
11. Prazo de recepción	6
12. Contacto	7

1.SOBRE O FESTIVAL

A **MAC MARÍN** consolidouse nos últimos anos como un espazo emerxente dentro do panorama audiovisual da Provincia de Pontevedra, configurándose como un punto de encontro entre creadores, público e novas narrativas cinematográficas. Impulsado pola **Asociación Marín de Cine**, o festival naceu coa vontade de crear no municipio de Marín unha plataforma estable para a exhibición do audiovisual contemporáneo e para a promoción do talento creativo, contribuíndo á dinamización cultural do territorio e á conexión entre a comunidade local e o sector audiovisual.

A través das súas distintas edicións, o festival desenvolveu unha programación plural que integra cinema, novos medios, actividades formativas e encontros profesionais, consolidándose como un espazo de difusión cultural que **sitúa o galego no centro da experiencia audiovisual**. Neste contexto, a MAC MARÍN actúa como un axente activo na promoción da lingua galega tanto no ámbito local como no internacional, favorecendo a súa presenza en espazos culturais contemporáneos e contribuíndo á proxección exterior da creación audiovisual producida en Galicia e **enfocada en grande medida no talento máis novo**.

2.REGRAS XERAIS

O rexistro do filme ou serie participante no festival ten validez dunha declaración xurada, dando por feito que a empresa PRODUTORA ou REPRESENTANTE da obra concursante ten os dereitos legais da mesma. Do mesmo modo, constará o recoñecemento e aceptación do presente regulamento.

Idiomas: para o seu visionado durante o proceso de selección acéptanse obras en calquera idioma. No caso de ser un idioma diferente ao *galego* ou *castelán*, deberán presentar una copia con subtítulos nalgún dos idiomas anteriormente nomeados ou en inglés.

Os produtores das obras seleccionadas ceden os seus dereitos para a proxección nas salas de exhibición da MAC MARÍN durante as xornadas do 18, ao 22 de agosto do 2026 e a posible inclusión dos trailer ou teaser en videos promocionais do festival.

A selección oficial dunha obra participante por parte dos membros do xurado calificadoros converte automaticamente a dita obra en candidata a finalista, pero non garante a súa exhibición por parte do comité organizador da MAC MARÍN. Porén, si será tida en conta por dito comité a valoración do xurado no momento de seleccionar os filmes e series que formarán parte do programa das salas de proxección do festival.

Ao inscribir a túa obra na MAC MARÍN, concedes á organización do festival os dereitos para usar capturas de pantalla, materiais de prensa e imaxes fixas ou breves fragmentos de vídeo da obra nos nosos anuncios, materiais de prensa, programas do festival, sitio web e redes sociais.

MAC MARÍN comprométese a pagar ou bonificar polos dereitos de exhibición das obras seleccionadas pola organización para a súa inclusión no programa oficial de proxeccións. A cantidade ou bonificación será a convir por ambas partes; Festival e PRODUCTORA/CREADORES propietaria dos dereitos.

Calquera dúbida sobre as REGRAS da MAC MARÍN serán contestadas a través do email: comunicacion@mac-marin.com

Ao enviar a túa solicitude a MAC MARÍN, recoñeces que tes 18 anos ou máis.

*MAC MARÍN pode modificar estas regras e termos. Todas e cada unha das enmendadas entrarán en vigor de maneira inmediata, sempre en beneficio do bo desenvolvemento do propio festival e sen perxudicar ás producións participantes. En todo caso, calquera cambio significativo será comunicado por parte da organización aos participantes. O incumprimento das directrices, regras, regulamentos ou requisitos da MAC MARÍN pode ser motivo de descalificación e provocar que a súa obra sexa eliminada do concurso.

3. LONGAMETRAXES:

Bases para os filmes de longametraxe

As longametraxes inscritas poderán participar nas seguintes seccións oficiais:

- FILMES ATLÁNTICOS (Filmes galegos e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia)
- OUTRAS MIRADAS (Filmes de países sen unha relación cultural directa con Galicia)
- CINEMA XOVE (Filmes creados desde escolas de cinema e universidades galegas ou fóra de Galicia)

Poderán participar longametraxes producidas a partir do **1 de xaneiro do 2024** de **calquera nacionalidade**.

- Ficción: ≥ 60 min.
- Documental: ≥ 60 min.
- Experimental: ≥ 60 min.
- Animación: ≥ 60 min.

SELECCIÓNS: o comité seleccionador da MAC MARÍN escollerá **dez longametraxes candidatas a finalistas**. Alomenos **seis** deses filmes serán

proxeitados nas salas de exhibición habilitadas no Concello de Marín e parroquias, previo acordo coa PRODUCTORA/CREAODRES propietaria dos dereitos.

4. CURTAMETRAXES:

As curtametraxes inscritas optan ás seguintes seccións oficiais:

- FILMES ATLÁNTICOS (Filmes galegos e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia)
- OUTRAS MIRADAS (Filmes de países sen unha relación cultural directa con Galicia)
- CINEMA XOVE (Filmes creados desde escolas de cinema e universidades galegas ou fóra de Galicia)

Poderán participar obras producidas a partir do **1 de xaneiro do 2024** de **calquera nacionalidade**.

- Ficción: máx. 30 minutos.
- Documental: máx. 45 min.
- Experimental: máx. 30 minutos.
- Animación: máx. 30 minutos.

SELECCIÓNS: o comité de selección da MAC MARÍN elixirá **vinte curtametraxes** que serán **candidatas a finalistas; dez curtas pola sección filmes atlánticos e dez curtas pola sección outras miradas**. Alomenos **dez** destas curtas proxectaranse nas salas de exhibición habilitadas no Concello de Marín e parroquias previo acordo coa PRODUCTORA/CREAODRES propietaria dos dereitos.

5. SERIES WEB:

SELECCIÓNS: o comité seleccionador da MAC MARÍN elixirá **dez series web** que serán **candidatas a finalistas**. Alomenos **seis** destas series proxectaranse no Concello de Marín e parroquias previo acordo coa PRODUCTORA/CREAODRES propietaria dos dereitos.

As series web inscritas optan ás seguintes seccións oficiais:

- NOVOS MEDIOS (Series Web & Ficción Sonora)

Poderán participar obras producidas a partir do **1 de xaneiro do 2024** de **calquera nacionalidade**.

- Ficción: máx. 35 minutos.
- Documentales: máx. 35 min.

- Experimental: máx. 35 min.
- Animación: máx. 35 min.

6.FORMA DE ENTREGA

Para proxección presencial

- DCP en idioma orixinal con subtítulos en galego ou castelán.
- Para respaldo: Blu Ray ou arquivo formato H.264, codificado a 10-20 Mbps. Seleccionar a opción “High Profile” en lugar de “Main Profile”, na configuración do arquivo H.264, cando se exporte o video.
- Stereo ou ProLogicII codificación 5.1 (LtRt). Incluir só un single stereo track ou mono track pair. Non incluír mixes/tracks adicionais.
- Resolución de 1920×1080
- 23.98 o 29.97 progressive
- O arquivo debe pesar como máximo 10GB.
- Subtítulos incrustados no video, se o idioma orixinal fora outro diferente do galego ou castelán.

*Para outros formatos, por favor, consultar á organización a través do email comunicacion@mac-marin.com

7.SOBRE O XURADO

O xurado estará conformado por referentes do ámbito da creación e a comunicación locais, e poderán tamén formar parte do mesmo representantes doutras comunidades creativas afíns ao festival.

MAC MARÍN velará pola imparcialidade e independencia do equipo de xurados, así como o cumprimento do reglamento en canto á selección de obras para a rolda clasificatoria.

MAC MARÍN entregará a cada membro do equipo de xurados unha rúbrica para deixar constancia das puntaxes, que en todo caso serán confidenciais entre o propio xurado.

9.PREMIOS

Estatuíña: todas as categorías nomeadas a continuación obterán o trofeo oficial do festival.

- MELLOR LONGA
- MELLOR CURTA
- MELLOR SERIE WEB GALEGA
- MELLOR DIRECCIÓN
- MELLOR INTERPRETACIÓN
- MELLOR CINEMA XOVE
- MELLOR TALENTO EMERXENTE
- PREMIO DO PÚBLICO
- PREMIO DE HONRA

Premios en metálico: nesta 5º edición otorgarase 900€ á longametraxe mellor valorada polo xurado, 500€ á curtametraxe mellor valorada polo xurado e 200€ euros como premio CREA en recoñecemento á mellor dirección/realización, tamén baixo o criterio do equipo de xurados.

Outras categorías premiadas: WSWC e AFWC

- MELLOR SERIE WEB INTERNACIONAL
- MELLOR PODCAST DE FICCIÓN
- MELLOR ACTUAL PLAY VIDEO
- MELLOR ACTUAL PLAY SONORO

O festival poderá otorgar alomenos 2 **mencións especiais** entre todas as producións da selección oficial do festival se así o considera o equipo de xurados e sempre baixo o seu criterio.

En calquera das posibilidades anteriores, a produtora ou creadores donos dos dereitos da obra premiada comprométense a incluír o logo ou loureiro e a mención do premio recibido nalgún dos seus canais de difusión públicos.

10.CRITERIOS DE SELECCIÓN

A concesión dos premios das diferentes categorías e seccións farase tendo en conta aspectos técnicos e artísticos propios dunha obra cinematográfica:

- Guion
- Dirección
- Montaxe
- Ritmo
- Tempo narrativo
- Fotografía e Arte
- Interpretación actoral
- Producción
- Orixinalidade e innovación

11.PRAZO DE RECEPCIÓN

Ás **23.59 pm** do día **26 de xullo** do 2026.

A inscrición e envío das obras a presentar débese facer de maneira online a través do perfil do festival nas seguintes plataformas especializadas:

Ligazón ao perfil de [FESTHOME](#)

Ligazón ao perfil de [MOVIBETA](#)

Ligazón ao perfil de [FILMFREEWAY](#)

12.CONTACTO

Calquera dúbida sobre as REGRAS da MAC MARÍN serán contestadas a través do email: comunicacion@mac-marin.com

Grazas por participar e moita sorte!

A Organización da MAC MARÍN ©

Mostra do Audiovisual e Cinema de Marín
En Marín, o día 01 de setembro de 2025

